

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández**, integrantes do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás condicións de vixilancia e seguridade da residencia de maiores de Carballo.

A residencia de maiores de Carballo, dependente da Xunta de Galicia, adoece na actualidade dun servizo de vixilancia e seguridade. Esta circunstancia, anómala, non deixa de provocar inseguridade e riscos nunha instalación que dispón dunha farmacia para poder atender ás persoas residentes que precisan medicación.

A única persoa traballadora que resta pola noite atópase sen seguridade de ningún tipo, ao igual que os propios residentes, todas e todos ao albur de calquera incidencia, para que o centro non dispón de medidas de prevención e seguridade algunha.

Polo antedito, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- A que obedece a falla de calquera dispositivo de vixilancia e seguridade na residencia pública de maiores de Carballo?
- É consciente a Xunta dos riscos que se derivan desta situación?
- De que maneira vai a Xunta de Galicia a dispor dos medios necesarios para dotar a residencia pública de maiores de Carballo dun sistema de vixilancia e seguridade e en que prazos?



Compostela, 28 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/01/2015 11:06:59**

**Yolanda Díaz Pérez na data 28/01/2015 11:07:03**